

Cláusula 8.

1. Deberanse levar rexistros das horas diarias de traballo ou das horas diarias de descanso da xente de mar co fin de permiti-lo control do cumprimento das disposicións establecidas na cláusula 5. Os mariños recibirán unha copia dos rexistros que lles incumban rubricada polo capitán, ou por unha persoa autorizada por este, e por eles mesmos.

2. Deberanse determina-los procedementos que se deberán seguir para levar estes rexistros a bordo, así como os intervalos con que se deberá consigna-la información. O modelo para o rexistro das horas de traballo ou de descanso da xente de mar deberase establecer tomando en consideración a normativa internacional vixente e deberase redactar na lingua ou linguas previstas no punto 8 da cláusula 5.

3. Deberase conservar a bordo, nun lugar facilmente accesible á tripulación, un exemplar das disposicións pertinentes da lexislación nacional relativas a este acordo, así como dos convenios colectivos aplicables.

Cláusula 9.

Os rexistros ós que se fai referencia na cláusula 8 deberán ser inspeccionados e aprobados a intervalos apropiados, co fin de garantir que se cumpren as disposicións en materia de horas de traballo e de descanso adoptadas en aplicación deste acordo.

Cláusula 10.

1. Ó determinar, aprobar ou revisa-los niveis de dotación terase en conta a necesidade de evitar ou de reducir ó mínimo, na medida do posible, o exceso de horas de traballo, de garantir un período de descanso suficiente e de limita-la fatiga.

2. Se os rexistros ou outras probas indican que se infrinxiron as disposicións relativas ás horas de traballo ou de descanso, adoptaranse as medidas necesarias para evitar futuras infraccións, incluída, se é o caso, a revisión da dotación do buque.

3. Todo buque ó que se lle aplique este acordo deberá contar cunha dotación suficiente, segura e eficiente, conforme o disposto no documento que especifica a dotación mínima de seguridade ou nun documento equivalente emitido pola autoridade competente.

Cláusula 11.

Non poderán prestar servicios a bordo de buques os menores de dezaseis anos.

Cláusula 12.

O armador deberase asegurar de que o capitán dispón de tódolos recursos necesarios, incluída unha dotación suficiente, que permitan o cumprimento das obrigas establecidas neste acordo. O capitán deberá adoptar tódalas medidas necesarias para garantir que se cumpren as condicións relativas ás horas de traballo e de descanso da xente de mar establecidas neste acordo.

Cláusula 13.

1. Tódolos mariños deberán estar en posesión dun certificado que acredite a súa capacidade para realiza-las tarefas para as cales foron empregados a bordo.

A natureza dos controis médicos ós que se deberán somete-los mariños, así como os detalles que deberán figurar nos certificados médicos, estableceranse logo de

consulta coas organizacións interesadas de armadores e de xente de mar.

Tódolos mariños se deberán someter a controis médicos periódicos. Os mariños que realicen gardas e sufran problemas de saúde debidos, segundo certificación médica, ó traballo nocturno deberán, se é posible, ser transferidos a un posto de día apropiado.

2. Os controis médicos ós que se fai referencia no punto 1 desta cláusula deberanse efectuar gratuitamente e respectando o segredo médico. Poderanse levar a cabo no marco dos sistemas nacionais de saúde.

Cláusula 14.

Os armadores facilitaranlles ás autoridades nacionais competentes, por petición destas, información sobre os mariños que realizan gardas e demais traballadores de noite.

Cláusula 15.

Os mariños desfrutarán dunha protección en materia de saúde e seguridade adaptada á natureza do seu traballo. Os mariños que traballen de día ou de noite disporán de servicios e de equipos de prevención e protección equivalentes en materia de saúde e seguridade.

Cláusula 16.

Todo mariño desfrutará de permisos anuais remunerados de alomenos catro semanas ó ano, ou de permisos de duración proporcional para os períodos de emprego de menos dun ano, conforme as condicións de devengo e concesión destes permisos establecidas nas lexislacións e prácticas nacionais.

O período mínimo de permiso anual remunerado non poderá ser substituído por unha indemnización compensatoria, a menos que a relación laboral chegase ó seu termo.

XEFATURA DO ESTADO

12756 LEI ORGÁNICA 6/2002, do 27 de xuño, de partidos políticos. («BOE» 154, do 28-6-2002.)

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban tódolos que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei orgánica.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

I

A Lei 54/1978, de partidos políticos, norma preconstitucional, breve tanto en artigos coma en contidos, serviu primordialmente para asentar un procedemento sinxelo de constitución en liberdade dos partidos políticos, obxectivo, por outra parte, non menor no momento fundacional en que se veu dictar. O resto das previsións que hoxe conforman o seu estatuto xurídico en España derivouse do contido na propia Constitución, de normas

que, como os regulamentos parlamentarios ou a Lei electoral, concretan a súa función e o seu papel esencial no noso sistema democrático, de reformas lexislativas posteriores como as contidas no Código penal sobre a ilegalidade de determinadas asociacións ou as relacionadas co financiamento dos partidos, e dun traballo interpretativo intenso do Poder Xudicial e do propio Tribunal Constitucional.

Transcorridos case vinte e cinco anos desde a aprobación desta lei de partidos aínda vixente, resulta hoxe evidente a insuficiencia dun estatuto dos partidos incompleto e fragmentario no marco dunha democracia madura e firmemente consolidada na que o protagonismo e a significación constitucional dos partidos non fixo senón incrementarse. Por iso, procede agora a súa reforma, reclamada por unha serie importante de razóns.

Trátase, en primeiro lugar, de recoller con claridade e sistema a experiencia acumulada nestes anos.

Trátase, tamén, de renovar normas ancoradas nas preocupacións prioritarias do pasado, que resultan inadecuadas e insuficientes para disciplina-las novas realidades do presente. Especialmente se se ten en conta o vigor con que a sociedade complementa hoxe a acción das institucións e abre vías novas de participación ou de relación con elas a través de instrumentos que, como as asociacións, as fundacións ou os propios partidos políticos, están sendo obxecto da correspondente modernización lexislativa.

Por outra parte, aínda que os partidos políticos non son órganos constitucionais senón entes privados de base asociativa, forman parte esencial da arquitectura constitucional, realizan funcións dunha importancia constitucional primaria e dispoñen dunha segunda natureza que a doutrina adoita resumir con referencias reiteradas á súa relevancia constitucional e á garantía institucional deles por parte da Constitución. Desde un ou outro punto de vista, o tempo presente reclama o fortalecemento e a mellora do seu estatuto xurídico cun réxime máis perfilado, garantista e completo. Se iso é así para toda asociación, con máis motivo o deberá ser para as asociacións políticas, a finalidade das cales é a de xuntaren conviccións e esforzos para incidir na dirección democrática dos asuntos públicos, contribuír ó funcionamento institucional e provocar cambios e melloras desde o exercicio do poder político. Pero tamén en canto os partidos son instrumentos fundamentais da acción do Estado, nun Estado de dereito avanzado e existente coma o que gozamos, que pon límites e establece garantías e controis fronte a calquera suxeito, por relevante que este sexa na estrutura constitucional. Pode dicirse, incluso, que canto maior é o relevo do suxeito e a súa función no sistema, máis interese ten o Estado de dereito en afina-lo seu réxime xurídico.

Xunto a todo iso hai, en fin, no noso caso, unha coincidencia xeral sobre a carencia da lexislación actual á hora de concreta-las esixencias constitucionais de organización e funcionamento democráticos e dunha actuación suxeita á Constitución e ás leis. Tanto no que se refire ó entendemento dos principios democráticos e valores constitucionais que deben ser respectados na súa organización interna ou na súa actividade externa, como no que afecta os procedementos para os facer efectivos.

Esa carencia reclama agora un esforzo engadido para completa-las disposicións vixentes. O obxectivo é garanti-lo funcionamento do sistema democrático e as liberdades esenciais dos cidadáns, impedindo que un partido político poida, de forma reiterada e grave, atentar contra ese réxime democrático de liberdades, xustifica-lo racismo e a xenofobia ou apoiar politicamente a violencia e as actividades de bandas terroristas. Especialmente se se ten en conta que, por razón da actividade do terro-

rismo, resulta indispensable identificar e diferenciar con toda nitidez aquelas organizacións que defenden e promoven as súas ideas e programas, sexan estas as que sexan, incluso aquelas que pretenden revisa-lo propio marco institucional, cun respecto escrupuloso dos métodos e principios democráticos, daquelas que sustentan a súa acción política na convivencia coa violencia, o terror, a discriminación, a exclusión e a violación dos dereitos e das liberdades.

Para estes efectos, establécese un procedemento xudicial de ilegalización dun partido por dar un apoio político real e efectivo á violencia ou ó terrorismo, que é distinto do que se prevé no Código penal para disolver as asociacións ilícitas polas causas previstas nos seus artigos 515 e 520.

II

Para facer efectivos estes obxectivos, esta lei orgánica de partidos políticos, que desenvolve previsións esenciais contidas nos artigos 1, 6, 22 e 23 da nosa Constitución, incorpora trece artigos, agrupados en catro capítulos, e complétase con tres disposicións adicionais —que inclúen a reforma de dous artigos da Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral, e do artigo 61 da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial—, unha disposición transitoria, unha disposición derogatoria e dúas disposicións derradeiras.

III

O capítulo I consagra o principio de liberdade, na súa triple vertente de liberdade positiva de creación, liberdade positiva de afiliación e liberdade negativa de perenza ou participación, e perfecciona os procedementos para a creación dos partidos políticos, completando as previsións actualmente existentes, aclarando algunhas dúbidas e superando algúns baleiros. Non introduce, por tanto, a lei neste punto grandes modificacións de fondo, respectando o principio de intervención mínima que se deduce da propia Constitución.

A inscrición no Rexistro de Partidos Políticos da acta fundacional e dos estatutos confírelle ó partido personalidade xurídica, fai pública a súa constitución e os seus estatutos, vincula os poderes públicos, e é garantía tanto para os terceiros que se relacionan co partido como para os seus propios membros. A dita inscrición debe levala a cabo o responsable do rexistro nun prazo taxado e breve, transcorrido o cal se entende producida a inscrición.

Como adicións máis sobresaíntes cabe mencionala limitación do artigo 2 para ser promotor a quen fose autor de determinados delitos, as prohibicións sobre denominación dos partidos contidas no punto 1 do artigo 3, a responsabilidade dos promotores prevista no punto 1 do artigo 4, a previsión dun trámite de emenda de defectos formais ou a suspensión do prazo de inscrición cando se produza unha das distintas circunstancias descritas no artigo 5.

Neste último artigo mantense a previsión xa contida na lei anterior de que os indicios de ilicitude penal dun partido no momento da súa constitución e inscrición no rexistro poden levar a unha declaración polo xuíz penal, promovida polo Ministerio Fiscal, logo de comunicación do Ministerio do Interior, da ilegalidade do partido e a conseqüente improcedencia da súa inscrición.

IV

As maiores novidades da lei contéñense no capítulo II, do cal derivan á súa vez, como lóxico corolario, os novos preceptos do capítulo III.

É no dito capítulo II no que se concretan os criterios básicos para garanti-lo mandato constitucional de que a organización, funcionamento e actividade dos partidos políticos deben ser democráticos e axustarse ó disposto na Constitución e nas leis, desenvolvendo, como sinala o artigo 9, «as funcións que constitucionalmente se lles atribúen de forma democrática e con pleno respecto ó pluralismo».

Por unha parte, cos artigos 7 e 8, esta lei orgánica persegue conxuga-lo respecto á capacidade organizativa e funcional dos partidos a través dos seus estatutos, coa esixencia dalgúns elementos esenciais que aseguren a aplicación de principios democráticos na súa organización interna e no seu funcionamento. Con iso aténdese, en primeiro termo, ós dereitos dos seus afiliados, pero perséguese tamén «asegura-lo efectivo cumprimento das funcións que estes teñen constitucional e legalmente encomendadas e, en último termo, contribuír a garanti-lo funcionamento democrático do Estado» (STC 56/1995, do 6 de marzo).

Desde esta dobre perspectiva, prevese un órgano asembleario de carácter participativo xeral ó que se reservan as competencias máis relevantes na vida do partido, establécese o sufraxio libre e secreto como medio ordinario de cobertura dos postos directivos, prevese a censura democrática deles, recoñécense algúns dereitos que se consideran básicos dentro de calquera ámbito asociativo e que deben gozarse por igual, como o de participar na elección e ser elixibles nos órganos, ou os de información das actividades, da situación económica e das persoas que configuran os órganos directivos, e determínanse algunhas regras básicas de funcionamento e réxime das reunións dos órganos colexiados.

Pola súa parte, o artigo 9 persegue asegura-lo respecto dos partidos ós principios democráticos e ós dereitos humanos. Para iso, fronte ó enunciado xenérico da lei que agora se derroga, esta lei orgánica enumera con certo detalle as condutas que máis notoriamente conculcan os ditos principios, sobre a base de dous fundamentos nos que convén detense brevemente.

A lei opta, en primeiro lugar, por contrasta-lo carácter democrático dun partido e o seu respecto ós valores constitucionais, atendendo non ás ideas ou fins proclamados por el, senón ó conxunto da súa actividade. Deste xeito, os únicos fins explicitamente vetados son aqueles que incorren directamente no ilícito penal.

É ben coñecido que non é esta a única opción que ofrecen os modelos de dereito comparado. A necesidade de defende-la democracia de determinados fins odiosos e de determinados métodos, de preserva-las súas cláusulas constitutivas e os elementos substanciais do Estado de dereito, a obriga dos poderes públicos de facer respecta-los dereitos básicos dos cidadáns, ou a propia consideración dos partidos como suxeitos obrigados a realizar determinadas funcións constitucionais, para o cal reciben un estatuto privilexiado, levou algúns ordenamentos a formularen categoricamente un deber estricto de acatamento, a estableceren unha suxeición aínda maior á orde constitucional e, aínda máis, a reclamaren un deber positivo de realización, de defensa activa e de pedagogía da democracia. O incumprimento destes deberes exclúeos da orde xurídica e do sistema democrático.

Esta lei, sen embargo, a diferencia doutros ordenamentos, parte de considerar que calquera proxecto ou obxectivo se entende compatible coa Constitución, sempre e cando non se defenda mediante unha actividade que vulnere os principios democráticos ou os dereitos fundamentais dos cidadáns.

Tal e como xa se indicaba na exposición de motivos da Lei orgánica 7/2000, do 22 de decembro, non se trata, con toda evidencia, de prohibi-la defensa de ideas

ou doutrinas, por máis que estas se afasten ou incluso poñan en cuestión o marco constitucional.

Cabe concluír por iso que, sen prexuízo doutros modelos, a presente normativa se sitúa nunha posición de equilibrio, conciliando con extrema prudencia a liberdade inherente ó máximo grao de pluralismo co respecto ós dereitos humanos e a protección da democracia.

Esta liña confírmase co segundo dos principios tomados en consideración, como é o de evita-la ilegalización por condutas illadas, novamente salvo as de natureza penal, esixíndose polo contrario unha reiteración ou acumulación de accións que poñan de manifesto inequivocamente toda unha traxectoria de quebra da democracia e de ofensa ós valores constitucionais, ó método democrático e ós dereitos dos cidadáns.

A iso responden as alíneas a), b) e c) do punto 2 do artigo 9, que establecen nitidamente a fronteira entre as organizacións que defenden as súas ideas e programas, sexan estas as que sexan, cun respecto escrupuloso dos métodos e principios democráticos, daquelas que sustentan a súa acción política na convivencia co terror ou a violencia, ou coa violación dos dereitos dos cidadáns ou do método e os principios democráticos.

V

Unha vez enunciados pola lei o deber de respecto dos partidos políticos ós principios democráticos e ós valores constitucionais, e desenvolvidos os elementos indiciarios que permiten coñecer cándo un partido non se axusta a eles e debe, por consecuencia, ser declarado ilegal, o seguinte capítulo, III na numeración, establece as garantías xurisdiccionais existentes para a defensa dos dereitos e dos principios constitucionais ante a actuación dos partidos. Obviamente, o punto de partida é o establecido pola propia Constitución: só a autoridade xudicial é competente para controla-la ilegalidade das súas actuacións ou para decretar, ante violacións repetidas e graves, a disolución ou suspensión do propio partido político.

Resulta notorio que a xurisprudencia clarificou xa os supostos en que procede o acceso á orde xurisdiccional civil, en relación coas pretensións derivadas do tráfico xurídico privado dos partidos ou formuladas polos afiliados sobre o seu funcionamento interno, ou nos que é competente a orde xurisdiccional contencioso-administrativa en relación coas cuestións que se susciten nos procedementos administrativos derivados da lei. Do mesmo modo, o Código penal e a Lei de axuízamento criminal aclaran hoxe os supostos en que procede a disolución ou suspensión dun partido pola orde xurisdiccional penal e o procedemento que hai que seguir para que unha decisión tan relevante se produza con tódalas garantías.

Por conseguinte, a principal novidade que agora se introduce é a regulación da competencia e o procedemento para a disolución xudicial dun partido por non respecta-los principios democráticos e os dereitos humanos, procedemento xa anunciado na lei que agora se derroga, pero nunca desenvolvido anteriormente.

A lei orgánica resolve esta grave situación co criterio xeral que preside o marco constitucional de funcionamento dos partidos, isto é, sinalando que só poida realizarse mediante resolución xudicial. Como indica a STC 3/1981, do 2 de febreiro, «ó Poder Xudicial e só a este lle encomenda a Constitución e tamén a lexislación ordinaria a función de pronunciarse sobre a legalidade dun partido político. Precisamente a apelación ó Poder Xudicial, que pode decretar, como se acaba de dicir, a súa suspensión provisional, e, en último termo, a súa disolución, constitúe o medio con que conta o Estado para a súa defensa no caso de que sexa atacado por medio dun partido que polo contido dos seus estatutos ou pola

súa actuación á marxe destes atente contra a súa seguridade».

O texto establece, por razón da importancia e relevancia constitucional dos partidos políticos e, ademais, das decisións que afectan a súa declaración de ilegalidade ou que xustifican a súa disolución, que sexa a sala especial do Tribunal Supremo prevista no artigo 61 da Lei orgánica do Poder Xudicial o órgano competente para poder disolver un partido político, cando este desenvolva graves conductas contrarias á Constitución. Sala especial que, como sinala o auto do 9 de xullo de 1999 da propia sala, «simboliza pola súa composición o Pleno do Tribunal Supremo. É, dalgunha maneira, o Pleno, un pleno "reducido", valla a expresión, por paradoxal que poida parecer, xa que na súa composición está presente o propio presidente do Tribunal Supremo e estano tamén tódalas salas relacionadas no artigo 55 da LOPX que integran no seu conxunto o Tribunal Supremo, a través dos seus respectivos presidentes e de dous dos seus maxistrados, o máis antigo e o máis moderno de cada unha delas. Saliéntase isto para pór de relevo que a sala do artigo 61 da LOPX, pola súa significativa composición, goza dun "estatus" de supremacía respecto das salas ordinarias para a definición das súas competencias e das recíprocas daquelas...».

Para que a dita sala poida examina-la adecuación ós principios democráticos do funcionamento e da actividade do partido político en cuestión, establécese un proceso xudicial específico, preferente, en única instancia, que só poderán instalo Ministerio Fiscal e o Goberno, por si ou por instancia do Congreso dos Deputados ou do Senado. O dito procedemento confórmasse de forma clásica, sobre a base da escritura, cunha serie de trámites convencionais (alegacións, proba, novas alegacións e sentenza) que, polos prazos e a forma da súa articulación, compaxinan os principios de seguridade xurídica e dereito de defensa co de celeridade, procurando que a incerteza que pode provoca-la súa iniciación non se incrementa cunha tramitación dilatada.

A sentenza dictada pola sala especial non será obxecto de recurso de ningún tipo, sen prexuízo, se é o caso, do amparo ante o Tribunal Constitucional, e será executiva desde o momento da súa notificación.

O artigo 12 detalla finalmente os efectos da disolución xudicial dun partido político. Trala notificación da sentenza, procederase ó cesamento inmediato de toda a actividade do partido político en cuestión e presumirase fraudulenta e, por tanto, non poderá prospera-la constitución dunha formación que continúe ou suceda ó declarado ilegal e disolto. A disolución suporá tamén a apertura dun proceso de liquidación patrimonial, destinándose o patrimonio neto resultante a actividades de interese social ou humanitario.

VI

A regulación contida nesta lei orgánica complétase coa remisión a outras normas legais das cuestións atinentes ó financiamento dos partidos (capítulo IV) e con varias disposicións complementarias que, entre outras cousas, permiten axustar á nova lei as previsións da Lei orgánica do Poder Xudicial (adicional primeira, para que a sala especial do Tribunal Supremo entenda destes casos), e da Lei orgánica do réxime electoral xeral (adicional segunda, para precisar que tampouco cabe a fraude de constituír, nos períodos electorais, agrupacións de electores que veñan suceder, de facto, a un partido político disolto ou suspendido).

No que se refire ó financiamento, é de destacar que a remisión se produce á Lei de financiamento de partidos, pero tamén ó réxime de acreditación e responsabilidades que se establece na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio,

do Tribunal de Contas, e na Lei 7/1988, do 5 de abril, de funcionamento do Tribunal de Contas.

Por último, no que atinxe á competencia da sala especial, a lei acumula a garantía de que sexa esta a competente para coñecer e resolver nos casos de fraude, ben na súa condición de sala sentenciadora (puntos 2 e 3 do artigo 12), ben pola chamada expresa que agora se introduce na lexislación electoral para a resolución de recursos contra a proclamación ou non de agrupacións de electores (disposición adicional segunda), ben pola previsión do punto 2 da disposición transitoria única, sobre a sucesión de partidos para evita-los efectos desta lei.

CAPÍTULO I

Da creación dos partidos políticos

Artigo 1. *Liberdade de creación e afiliación.*

1. Os españois poderán crear libremente partidos políticos conforme o disposto na Constitución e nesta lei orgánica.

2. A afiliación a un partido político é libre e voluntaria. Ninguén pode ser obrigado a constituír un partido ou a integrarse ou a permanecer nel.

3. Os partidos políticos poderán constituír e inscribir federacións, confederacións e unións de partidos mediante o cumprimento do previsto no presente capítulo e logo de acordo expreso dos seus órganos competentes.

Artigo 2. *Capacidade para constituír.*

1. Os promotores dun partido político deben ser persoas físicas, maiores de idade, que se encontren no pleno exercicio dos seus dereitos, non estean suxeitos a ningunha condición legal para o exercicio deles e non fosen penalmente condenados por asociación ilícita, ou por algún dos delitos graves previstos nos títulos XXI a XXIV do Código penal. Esta última causa de incapacidade non afectará a quen fose xudicialmente rehabilitado.

2. Os partidos políticos constituídos poderán establecer nos seus estatutos a creación e recoñecemento de organizacións xuvenís.

Artigo 3. *Constitución e personalidade xurídica.*

1. O acordo de constitución deberá formalizarse mediante acta fundacional, que deberá constar en documento público e conter, en todo caso, a identificación persoal dos promotores, a denominación do partido que se propón constituír, os integrantes dos órganos directivos provisionais, o domicilio e os estatutos polos que deberá rexerse o partido que trata de se constituír.

A denominación dos partidos non poderá incluír termos ou expresións que induzan a erro ou confusión sobre a súa identidade ou que sexan contrarias ás leis ou os dereitos fundamentais das persoas. Tampouco poderá coincidir, asemellarse ou identificarse, mesmo foneticamente, coa de ningún outro partido previamente inscrito no rexistro ou declarado ilegal, disolto ou suspendido por decisión xudicial, coa identificación de persoas físicas, ou coa denominación de entidades preexistentes ou marcas rexistradas.

2. Os partidos políticos adquiren personalidade xurídica pola inscrición no Rexistro de Partidos Políticos que, para estes efectos, existirá no Ministerio do Interior, logo da presentación naquel da acta fundacional subscrita polos seus promotores, acompañada daqueles documentos que acrediten o cumprimento dos requisitos previstos nesta lei orgánica.

Artigo 4. *Inscripción no rexistro.*

1. Os promotores dos partidos políticos realizarán as actuacións necesarias para a súa inscrición. Os promotores de partidos non inscritos responderán persoal e solidariamente das obrigacións contraídas con terceiros, cando manifestasen actuar en nome do partido.

2. Dentro dos vinte días seguintes á presentación da documentación completa no Rexistro de Partidos Políticos, o Ministerio do Interior procederá a practicala inscrición do partido. O dito prazo quedará, sen embargo, suspendido se se considera necesario iniciar algún dos procedementos previstos no artigo seguinte.

3. Salvo nos casos de suspensión do prazo a que se refire o punto anterior, transcorridos os vinte días de que dispón o Ministerio do Interior, entenderase producida a inscrición, que confire a personalidade xurídica, fai pública a constitución e os estatutos del, vincula os poderes públicos, e é garantía tanto para os terceiros que se relacionan co partido como para os seus propios membros.

4. A inscrición no rexistro producirá efectos indefinidamente mentres non se anote nel a súa suspensión ou disolución, ben por notificación da decisión acordada polo propio partido de acordo coas previsións estatutarias, ben por ser declarado xudicialmente ilegal e disolto ou suspendido. Todo iso sen prexuízo do disposto no punto 6 do artigo 10 e, en canto ó alcance e efectos da suspensión, no punto 8 do artigo 11 desta lei orgánica.

Artigo 5. *Exame dos requisitos para a inscrición.*

1. Cando se advirtan defectos formais na acta fundacional ou na documentación que a acompaña, ou cando os proponentes carezan de capacidade, o Ministerio do Interior porao en coñecemento dos interesados para que poidan emenda-los defectos advertidos. En tal caso, o prazo de inscrición suspenderase desde o momento da notificación e reiniciarase unha vez que aqueles fosen debidamente corrixidos.

2. Cando da documentación presentada se deduzan indicios racionais en relación coa ilicitude penal do partido, o Ministerio do Interior porao en coñecemento do Ministerio Fiscal, dentro do prazo de vinte días a que se refire o artigo anterior, mediante resolución fundada que irá acompañada dos elementos probatorios dispoñibles para aprecia-los ditos indicios.

3. O Ministerio Fiscal, no prazo de vinte días desde que reciba a comunicación a que se refire o punto anterior, optará, en función de que se consideren suficientes ou non os indicios de ilicitude penal, por exercer ante a xurisdicción penal as accións que correspondan ou por devolve-la comunicación ó Ministerio do Interior para os efectos de completa-la inscrición.

4. A remisión da comunicación ó Ministerio Fiscal determinará a suspensión do prazo previsto no punto 2 do artigo anterior, durante todo o tempo que medie ata a devolución por el ó Ministerio do Interior da comunicación fundada na non apreciación de motivos suficientes de ilicitude penal ou ata que o xuíz penal resolva sobre a procedencia da inscrición ou, se é o caso, como medida cautelar, sobre a continuación provisional do prazo para a inscrición. A dita remisión e a correspondente suspensión do prazo para a inscrición serán inmediatamente notificadas ós promotores interesados.

5. Contra as actuacións administrativas relacionadas coa inscrición do partido político poderán recorrerse ante a xurisdicción contencioso-administrativa conforme as previsións da Lei da xurisdicción contencioso-administrativa.

6. Cando se persegue a inscrición no Rexistro de Partidos Políticos dun partido que pretenda continuar ou sucede-la actividade doutro declarado ilegal e disolto, actuarase conforme o previsto no artigo 12 desta lei orgánica.

CAPÍTULO II

Da organización, funcionamento e actividades dos partidos políticos

Artigo 6. *Principios democrático e de legalidade.*

Os partidos políticos axustaranse na súa organización, funcionamento e actividade ós principios democráticos e ó disposto na Constitución e nas leis.

Artigo 7. *Organización e funcionamento.*

1. A estrutura interna e o funcionamento dos partidos políticos deberán ser democráticos.

2. Sen prexuízo da súa capacidade organizativa interna, os partidos deberán ter unha asemblea xeral do conxunto dos seus membros, que poderán actuar directamente ou por medio de compromisarios, e á que corresponderá, en todo caso, en canto órgano superior de goberno do partido, a adopción dos acordos máis importantes deste, incluída a súa disolución.

3. Os órganos directivos dos partidos determinaranse nos estatutos e deberán ser provistos mediante sufraxio libre e secreto.

4. Os estatutos ou os regulamentos internos que os desenvolvan deberán fixar para os órganos colexiados un prazo de convocatoria suficiente das reunións para prepara-los asuntos a debate, o número de membros requirido para a inclusión de asuntos na orde do día, unas regras de deliberación que permitan o contraste de pareceres e a maioría requirida para a adopción de acordos. Esta última será, por regra xeral, a maioría simple de presentes ou representados.

5. Os estatutos deberán prever, así mesmo, procedementos de control democrático dos dirixentes elixidos.

Artigo 8. *Dereitos e deberes dos afiliados.*

1. Os membros dos partidos políticos deben ser persoas físicas, maiores de idade, e non ter limitada nin restrinxida a súa capacidade de obrar. Todos terán iguais dereitos e deberes.

2. Os estatutos conterán unha relación detallada dos dereitos dos afiliados, incluíndo, en todo caso, os seguintes:

a) A participar nas actividades do partido e nos órganos de goberno e representación, a exercer-lo dereito de voto, así como asistir á asemblea xeral, de acordo cos estatutos.

b) A ser electores e elixibles para os cargos do partido.

c) A ser informados acerca da composición dos órganos directivos e de administración ou sobre as decisións adoptadas polos órganos directivos, sobre as actividades realizadas e sobre a situación económica.

d) A impugna-los acordos dos órganos do partido que estimen contrarios á lei ou ós estatutos.

3. A expulsión e o resto de medidas sancionadoras que impliquen privación de dereitos ós afiliados só se poderán impor mediante procedementos contradictorios, nos que se lles garanta ós afectados o dereito a seren informados dos feitos que dean lugar a tales medidas, o dereito a seren oídos con carácter previo á adopción delas, o dereito a que o acordo que impoña unha

sanción sexa motivado, e o dereito a formular, se é o caso, recurso interno.

4. Os afiliados a un partido político cumprirán as obrigacións que resulten das disposicións estatutarias e, en todo caso, as seguintes:

- a) Comparti-las finalidades do partido e colaborar para a súa consecución.
- b) Respecta-lo disposto nos estatutos e nas leis.
- c) Acatar e cumprir-os acordos validamente adoptados polos órganos directivos do partido.
- d) Aboa-las cotas e outras contribucións que, conforme os estatutos, poidan corresponder a cada un.

Artigo 9. *Actividade.*

1. Os partidos políticos exercerán libremente as súas actividades. Deberán respectar nelas os valores constitucionais, expresados nos principios democráticos e nos dereitos humanos. Desenvolverán as funcións que constitucionalmente se lles atribúen de forma democrática e con pleno respecto ó pluralismo.

2. Un partido político será declarado ilegal cando a súa actividade vulnere os principios democráticos, particularmente cando con ela persiga deteriorar ou destruí-lo réxime de liberdades ou eliminar-lo sistema democrático, mediante algunha das seguintes conductas, realizadas de forma reiterada e grave:

a) Vulnear sistematicamente as liberdades e dereitos fundamentais, promovendo, xustificando ou exculpando os atentados contra a vida ou a integridade das persoas, ou a exclusión ou persecución de persoas por razón da súa ideoloxía, relixión ou crenzas, nacionalidade, raza, sexo ou orientación sexual.

b) Fomentar, propiciar ou lexitima-la violencia como método para a consecución de obxectivos políticos ou para facer desaparecer-las condicións precisas para o exercicio da democracia, do pluralismo e das liberdades políticas.

c) Complementar e apoiar politicamente a acción de organizacións terroristas para a consecución dos seus fins de subverte-la orde constitucional ou alterar gravemente a paz pública, tratando de someter a un clima de terror ós poderes públicos, a determinadas persoas ou grupos da sociedade ou á poboación en xeral, ou contribuír a multiplica-los efectos da violencia terrorista e do medo e a intimidación xerada por ela.

3. Entenderase que nun partido político concorren as circunstancias do punto anterior cando se produza a repetición ou acumulación dalgunha das conductas seguintes:

a) Dar apoio político expreso ou tácito ó terrorismo, lexitimando as accións terroristas para a consecución de fins políticos á marxe das vías pacíficas e democráticas, ou exculpando e minimizando o seu significado e a violación de dereitos fundamentais que comporta.

b) Acompaña-la acción da violencia con programas e actuacións que fomentan unha cultura de enfrontamento e confrontación civil ligada á actividade dos terroristas, ou que perseguen intimidar, facer desistir, neutralizar ou illar socialmente a quen se opón a ela, facéndoo vivir a diario nun ambiente de coacción, medo, exclusión ou privación básica das liberdades e, en particular, da liberdade para opinar e para participar libre e democraticamente nos asuntos públicos.

c) Incluír regularmente nos seus órganos directivos ou nas súas listas electorais persoas condenadas por delitos de terrorismo que non rexeitasen publicamente os fins e os medios terroristas, ou manter un amplo número dos seus afiliados dobre militancia en organizacións ou entidades vinculadas a un grupo terrorista

ou violento, salvo que adoptasen medidas disciplinarias contra estes conducentes á súa expulsión.

d) Utilizar como instrumentos da actividade do partido, conxuntamente cos propios ou en substitución deles, símbolos, mensaxes ou elementos que representen ou se identifiquen co terrorismo ou a violencia e coas conductas asociadas a el.

e) Ceder, en favor dos terroristas ou dos que colaboran con eles, os dereitos e prerrogativas que o ordenamento, e concretamente a lexislación electoral, conceden ós partidos políticos.

f) Colaborar habitualmente con entidades ou grupos que actúan de forma sistemática de acordo cunha organización terrorista ou violenta, ou que amparan ou apoian o terrorismo ou os terroristas.

g) Apoiar desde as institucións nas que se goberna, con medidas administrativas, económicas ou de calquera outra orde, as entidades mencionadas na alínea anterior.

h) Promover, dar cobertura ou participar en actividades que teñan por obxecto recompensar, homenaxear ou distinguir-las accións terroristas ou violentas ou os que as cometen ou colaboran con elas.

i) Dar cobertura ás accións de desorde, intimidación ou coacción social vinculadas ó terrorismo ou a violencia.

4. Para apreciar e valora-las actividades a que se refire este artigo e a continuidade ou repetición delas ó longo da traxectoria dun partido político, aínda que este cambiase de denominación, teranse en conta as resolucións, documentos e comunicados do partido, dos seus órganos e dos seus grupos parlamentarios e municipais, o desenvolvemento dos seus actos públicos e convocatorias cidadás, as manifestacións, actuacións e compromisos públicos dos seus dirixentes e dos membros dos seus grupos parlamentarios e municipais, as propostas formuladas no seo das institucións ou á marxe delas, así como as actitudes significativamente repetidas dos seus afiliados ou candidatos.

Serán igualmente tomadas en consideración as sancións administrativas impostas ó partido político ou ós seus membros e as condenas penais que recaesen sobre os seus dirixentes, candidatos, cargos electos ou afiliados, por delitos tipificados nos títulos XXI a XXIV do Código penal, sen que se adoptasen medidas disciplinarias contra estes conducentes á súa expulsión.

CAPÍTULO III

Da disolución ou suspensión xudicial dos partidos políticos

Artigo 10. *Disolución ou suspensión xudicial.*

1. Ademais de por decisión dos seus membros, acordada polas causas e polos procedementos previstos nos seus estatutos, só procederá a disolución dun partido político ou, se é o caso, a súa suspensión, por decisión da autoridade xudicial competente e nos termos previstos nos puntos 2 e 3 do presente artigo. A disolución producirá efectos desde a súa anotación no Rexistro de Partidos Políticos, coa previa notificación do propio partido ou do órgano xudicial que decrete a disolución.

2. A disolución xudicial dun partido político será acordada polo órgano xurisdiccional competente nos casos seguintes:

a) Cando incorra en supostos tipificados como asociación ilícita no Código penal.

b) Cando vulnere de forma continuada, reiterada e grave a esixencia dunha estrutura interna e un funcionamento democráticos, conforme o previsto nos artigos 7 e 8 da presente lei orgánica.

c) Cando de forma reiterada e grave a súa actividade vulnere os principios democráticos ou persiga deteriorar ou destruí-lo réxime de liberdades ou imposibilitar ou elimina-lo sistema democrático, mediante as conductas a que se refire o artigo 9.

3. A suspensión xudicial dun partido político só procederá se así o dispón o Código penal. Poderá acordarse tamén como medida cautelar, en virtude do disposto na Lei de axuízamento criminal ou nos termos do punto 8 do artigo 11 desta lei orgánica.

4. O suposto previsto na alínea a) do punto 2 deste artigo será resolto polo xuíz competente na orde xurisdiccional penal, de acordo co disposto na Lei orgánica do Poder Xudicial, a Lei de axuízamento criminal e o Código penal.

5. Os supostos previstos nas alíneas b) e c) do punto 2 deste artigo serán resoltos pola sala especial do Tribunal Supremo regulada no artigo 61 da Lei orgánica do Poder Xudicial, de acordo co procedemento establecido no artigo seguinte desta lei orgánica, que terá carácter preferente.

6. A eventual coincidencia no tempo dos procedementos xudiciais previstos nos anteriores puntos 4 e 5 deste artigo respecto dun mesmo partido político non interferirá a continuación de ambos ata a súa finalización, producindo cada un deles os correspondentes efectos. Non poderá, polo contrario, acordarse a disolución voluntaria dun partido político cando se iniciase un proceso de declaración xudicial de ilegalidade del por razón dun ou outro punto ou de ambos.

Artigo 11. *Procedemento.*

1. Están lexitimados para insta-la declaración de ilegalidade dun partido político e a súa consecuente disolución, en virtude do disposto nas alíneas b) e c) do punto 2 do artigo anterior desta lei orgánica, o Goberno e o Ministerio Fiscal.

O Congreso dos Deputados ou o Senado poderán insta-lo Goberno a que solicite a ilegalización dun partido político, quedando obrigado o Goberno a formaliza-la correspondente solicitude de ilegalización, coa previa deliberación do Consello de Ministros, polas causas recollidas no artigo 9 desta lei orgánica. A tramitación deste acordo axustarase ó procedemento establecido, respectivamente, pola Mesa do Congreso dos Deputados e do Senado.

2. A acción pola que se pretende a declaración a que se refire o punto anterior iniciárase mediante demanda presentada ante a sala especial do Tribunal Supremo prevista no artigo 61 da Lei orgánica do Poder Xudicial, á que se xuntarán os documentos que acrediten a concorrencia dos motivos de ilegalidade.

3. A sala procederá inmediatamente ó emprazamento do partido político afectado, dándolle traslado da demanda, para que poida comparecer ante ela no prazo de oito días. Unha vez comparecido en debida forma ou transcorrido o prazo correspondente sen o facer, a sala analizará a admisión inicial da demanda e poderá non admitila mediante auto se concorre algunha das seguintes causas:

a) Que fose interposta por persoa non lexitimada ou non debidamente representada.

b) Que manifestamente non se cumpran os requisitos substantivos ou de forma para a súa admisión.

c) Que a demanda careza manifestamente de fundamento.

A apreciación da concorrencia dalgunha das causas indicadas poráselles de manifesto ás partes para que poidan formular alegacións sobre ela no prazo común de dez días.

4. Unha vez admitida a demanda emprazarase o demandado, se compareceu, para a contestación á demanda polo prazo de vinte días.

5. Se as partes o propuxeron nos seus escritos de demanda ou de contestación ou a sala o considera necesario, abrírase un período de proba que se rexerá en canto ós seus prazos e substanciación polas regras que sobre este extremo se conteñen nos capítulos V e VI do título I do libro II da Lei de axuízamento civil.

6. Do conxunto da proba practicada daráselles vista ás partes, que poderán formular alegacións sobre elas por prazo sucesivo de vinte días, transcorridos os cales, formalizásen ou non, o proceso quedará concluído para sentenciar que deberá dictarse en vinte días.

7. A sentenza dictada pola sala especial do Tribunal Supremo, que poderá declara-la disolución do partido político ou desestima-la demanda, non será obxecto de recurso de ningún tipo sen prexuízo, se é o caso, do recurso de amparo ante o Tribunal Constitucional, e será executiva desde o momento da súa notificación. Se se decreta a disolución, a sala ordenará a cancelación da correspondente inscrición rexistral, e a decisión producirá os efectos que se determinan no artigo seguinte desta lei orgánica. Se se desestima a demanda, esta só poderá reiterarse se se presentan ante o Tribunal Supremo novos elementos de feito, suficientes para realizar valoracións sobre a actividade ilegal dun partido diferentes ás xa contidas na sentenza.

8. A sala, durante a tramitación do proceso, de oficio ou por instancia de parte, poderá adoptar calquera das medidas cautelares previstas na Lei de axuízamento civil conforme o procedemento previsto nela. En particular, a sala poderá acordar a suspensión cautelar das actividades do partido ata que se dicte sentenza, co alcance e os efectos que estime oportunos para salvagarda-lo interese xeral. En tal caso, a sala ordenará a correspondente anotación preventiva no Rexistro de Partidos Políticos.

Artigo 12. *Efectos da disolución xudicial.*

1. A disolución xudicial dun partido político producirá os efectos previstos nas leis e, en particular, os seguintes:

a) Trala notificación da sentenza na que se acorde a disolución, procederá o cesamento inmediato de toda a actividade do partido político disolto. O incumprimento desta disposición dará lugar a responsabilidade, conforme o establecido no Código penal.

b) Os actos executados en fraude de lei ou con abuso de personalidade xurídica non impedirán a debida aplicación desta. Presumirase fraudulenta e non procederá a creación dun novo partido político ou a utilización doutro xa inscrito no rexistro que continúe ou suceda a actividade dun partido declarado ilegal e disolto.

c) A disolución determinará a apertura dun proceso de liquidación patrimonial, levado a cabo por tres liquidadores designados pola sala sentenciadora. O patrimonio neto resultante será destinado polo Tesouro a actividades de interese social ou humanitario.

2. Corresponde á sala sentenciadora asegurar, en trámite de execución de sentenza, que se respecten e executen tódolos efectos previstos polas leis para o suposto de disolución dun partido político.

3. En particular, corresponderalle á sala sentenciadora, logo de audiencia dos interesados, declara-la impro-

cedencia da continuidade ou sucesión dun partido disolto á que se refire a alínea b) do punto 1, tendo en conta para determina-la conexión a similitude substancial de ámbolos partidos políticos, da súa estrutura, organización e funcionamento, das persoas que as compoñen, rexen, representan ou administran, da procedencia dos medios de financiamento ou materiais, ou de calquera outra circunstancia relevante que, como a súa disposición a apoia-la violencia ou o terrorismo, permitan considera-la dita continuidade ou sucesión en contraste cos datos e documentos que constan no proceso no que se decretou a ilegalización e disolución. Ademais das partes deste proceso, poderán insta-lo pronunciamento da sala sentenciadora o Ministerio do Interior e o Ministerio Fiscal, no suposto de que se presente para a súa inscrición conforme o disposto nos artigos 4 e 5 desta lei orgánica.

4. A sala sentenciadora rexeitará fundadamente as peticións, incidentes e excepcións que se formulen con manifesto abuso de dereito ou entrañen abuso da personalidade xurídica, fraude de lei ou procesual.

CAPÍTULO IV

Do financiamento dos partidos políticos

Artigo 13. *Financiamento.*

1. O financiamento dos partidos políticos levarase a cabo de conformidade co previsto na Lei orgánica 3/1987, do 2 de xullo, sobre financiamento dos partidos políticos.

2. De conformidade con ela e co disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, do Tribunal de Contas, e coa Lei 7/1988, do 5 de abril, de funcionamento do Tribunal de Contas, os partidos políticos asumen as obrigacións formais e persoais en relación coa acreditación de fins e cumprimento de requisitos previstos na citada normativa no que se refire ó control dos fondos públicos que reciben.

Disposición adicional primeira. *Modificación da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial.*

Engádese un novo número 6.º ó punto 1 do artigo 61 da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial, co seguinte contido:

«6.º Dos procesos de declaración de ilegalidade e consecuente disolución dos partidos políticos, conforme o disposto na Lei orgánica 6/2002, do 27 de xuño, de partidos políticos.»

Disposición adicional segunda. *Modificacións da Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral.*

1. Engádese un novo punto 4 ó artigo 44 da Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral, co seguinte contido:

«4. Non poderán presentar candidaturas as agrupacións de electores que, de feito, veñan a continuar ou sucede-la actividade dun partido político declarado xudicialmente ilegal e disolto, ou suspendido. Para estes efectos, terase en conta a similitude substancial das súas estruturas, organización e funcionamento das persoas que os compoñen, rexen, representan ou administran as candidaturas, da procedencia dos medios de financiamento ou materiais, ou de calquera outra circuns-

tancia relevante que, como a súa disposición a apoia-la violencia ou o terrorismo, permitan considera-la dita continuidade ou sucesión.»

2. Engádese un novo punto 5 ó artigo 49 da Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral, co seguinte contido:

«5. Os recursos previstos neste artigo serán de aplicación ós supostos de proclamación ou exclusión de candidaturas presentadas polas agrupacións de electores ás que se refire o punto 4 do artigo 44 desta lei orgánica, coas seguintes particularidades:

a) O recurso ó que se refire o punto primeiro deste artigo interporase ante a sala especial do Tribunal Supremo regulada no artigo 61 da Lei orgánica do Poder Xudicial.

b) Estarán tamén lexitimados para a interposición do recurso os que o están para solicita-la declaración de ilegalidade dun partido político, conforme o disposto no punto 1 do artigo 11 da Lei orgánica de partidos políticos.»

Disposición adicional terceira. *Supletoriedade.*

No procedemento de inscrición de partidos regulado no capítulo III, será tamén de aplicación a Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, en tódalas cuestións non reguladas nesta lei orgánica e as súas normas de desenvolvemento.

Disposición transitoria única.

1. Os partidos políticos inscritos no rexistro do Ministerio do Interior no momento de entrada en vigor desta lei orgánica estarán suxeitos a ela e conservarán a súa personalidade xurídica e a plenitude da súa capacidade, sen prexuízo de adapta-los seus estatutos, en caso necesario, no prazo dun ano.

2. Para os efectos de aplica-lo previsto no punto 4 do artigo 9 ás actividades realizadas con posterioridade á entrada en vigor desta lei orgánica, terá a consideración de fraude de lei a constitución, en data inmediatamente anterior ou posterior á dita entrada en vigor, dun partido político que continúe ou suceda a actividade doutro, realizada coa intención de evita-la aplicación a este das disposicións desta lei. Iso non impedirá tal aplicación, e poderá actuarse respecto daquel conforme o previsto nos artigos 10 e 11 desta lei orgánica, correspondendo á sala especial do Tribunal Supremo a apreciación da continuidade ou sucesión e a intención de defraudar.

Disposición derogatoria única.

Quedan derogadas cantas normas se opoñan a esta lei orgánica e, en particular, a Lei 54/1978, do 4 de decembro, de partidos políticos, e os artigos vixentes da Lei 21/1976, do 14 de xuño.

Disposición derradeira primeira. *Desenvolvemento regulamentario.*

Facúltase o Goberno para dictar cantas disposicións sexan necesarias para a aplicación e desenvolvemento desta lei, especialmente no que se refire á acta fundacional e a súa documentación complementaria e ó Rexistro de Partidos Políticos previstos no seu capítulo I.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Esta lei orgánica entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,
Mando a tódolos españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei orgánica.

Madrid, 27 de xuño de 2002

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno
en funcións,
MARIANO RAJOY BREY

MINISTERIO DE CIENCIA E TECNOLOXÍA

12763 *ORDE CTE/1612/2002, do 25 de xuño, pola que se actualizan os anexos I e II do Real decreto 2028/1986, do 6 xuño, sobre as normas para a aplicación de determinadas directivas da CE, relativas á homologación de tipo de vehículos automóbiles, remolques, semirremolques, motocicletas, ciclomotores e vehículos agrícolas, así como de partes e pezas dos devanditos vehículos. («BOE» 154, do 28-6-2002.)*

A disposición derradeira primeira do Real decreto 2028/1986, do 6 de xuño, sobre as normas para a aplicación de determinadas directivas da CE, relativas á homologación de tipos de vehículos automóbiles, remolques, semirremolques, motocicletas, ciclomotores e vehículos agrícolas, así como de partes e pezas dos devanditos vehículos, faculta o Ministerio de Industria e Enerxía para modifica-los seus anexos I e II, co fin de adaptalos á evolución producida pola publicación de novas directivas e regulamentos. As competencias do suprimido Ministerio de Industria e Enerxía pasaron á responsabilidade do Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía por virtude do Real decreto 557/2000, do 27 de abril, de reestructuración dos departamentos ministeriais.

Os preceptos en vigor do Real decreto 2028/1986, conteñen numerosas funcións e a regulamentación destas está prevista que entre en vigor durante a primeira parte do ano 2002 ou en datas posteriores sen que consten algunhas das súas datas particulares de entrada en vigor para novos tipos ou novas matriculacións. Por iso resulta necesario a consolidación de determinadas datas e incluílas no anexo I.

Mediante as ordes do 4 de febreiro de 1988, 10 de abril e 24 de novembro de 1989, 16 de xullo de 1991, 24 de xaneiro, 24 de xullo e 29 de decembro de 1992, 10 de xuño e 15 de outubro de 1993, 22 de febreiro de 1994, 9 de marzo de 1995, 24 de abril de 1996, 25 de abril e 9 de decembro de 1997, 28 de xullo de 1998, 17 de febreiro e 14 de xuño de 1999, 4 de febreiro, 14 de xullo e 27 de decembro de 2000 e 23 de xullo de 2001, traspuxéronse as directivas e regulamentos CEPE/ONU aparecidos ata finais do ano 2001.

A publicación, desde a última data de modificación dos anexos, de nove novas directivas e dunha Decisión

da Comisión de especial importancia sobre a seguridade vial e o ambiente, aconsella dictar unha nova disposición para modificar novamente estes anexos.

Directivas de nova publicación:

Directiva 2001/43/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de xuño de 2001, pola que se modifica a Directiva 92/23/CE do Consello, relativa ós pneumáticos dos vehículos de motor e dos seus remolques, así como da súa montaxe.

Directiva 2001/56/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de setembro de 2001, sobre os sistemas de calefacción dos vehículos de motor e dos seus remolques, e pola que se modifica a Directiva 70/156/CE do Consello, e pola que se derroga a Directiva 78/548/CEE do Consello.

Directiva 2001/63/CE da Comisión, do 17 de agosto de 2001, pola que se adapta ó progreso técnico a Directiva 97/68/CE do Parlamento e do Consello, relativa ás medidas contra a emisión de gases e partículas contaminantes procedentes dos motores de combustión interna que se instalen nas máquinas móbiles non de estrada.

Directiva 2001/85/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 20 de novembro de 2001, relativa ás disposicións especiais aplicables ós vehículos utilizados para o transporte de viaxeiros con máis do 8 + 1 prazas, e pola que se modifican as Directivas 70/156/CEE e 97/27/CE.

Directiva 2001/92/CE da Comisión, do 30 de outubro de 2001, pola que se adapta ó progreso técnico a Directiva 92/22/CEE relativa ós cristais de seguridade e ós materiais para acristalamento dos vehículos de motor e dos seus remolques e a Directiva 70/156/CEE do Consello, relativa á homologación dos vehículos de motor e dos seus remolques.

Directiva 2001/100/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 7 de decembro de 2001, pola que se modifica a Directiva 70/220/CEE do Consello, relativa ás medidas contra a contaminación atmosférica causada polas emisións dos vehículos de motor lixeiros.

Directiva 2001/116/CE da Comisión, do 20 de decembro de 2001, pola que se adapta ó progreso técnico a Directiva 70/156/CEE do Consello, relativa á homologación de vehículos de motor e dos seus remolques.

Directiva 2002/24/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 18 de marzo de 2002, relativa á homologación dos vehículos de motor de dúas ou tres rodas e pola que se derroga a Directiva 92/61/CEE do Consello.

Directiva 2002/41/CE da Comisión, do 17 de maio de 2002, pola que se adapta ó progreso técnico a Directiva 95/1/CEE do Parlamento Europeo e do Consello, relativa á velocidade máxima de fábrica, ó par máximo e á potencia máxima neta do motor dos vehículos de motor de dúas ou tres rodas.

Decisións:

Decisión 2001/508, do 6 de xullo de 2001, relativa á adhesión da Unión Europea ó Regulamento CEPE/ONU 106R00 sobre a homologación dos pneumáticos dos vehículos agrícolas e dos seus remolques.

No que se refire ás esixencias para os vehículos alimentados con gas licuado de petróleo (G.L.P.) contidas na Orde ministerial do 6 de febreiro de 1961, é aconsellable que sexan substituídas totalmente polas contidas no Regulamento CEPE/ONU 67R01 ó que España resultou adherida, pola adhesión a el como unidade de integración económica por parte da Unión Europea, mediante a derogación da referida orde.